



PROXECTO MENS SANA IN CORPORE SANO

CEIP PLURILINGÜE DE OUTES
CURSO 2020/2021



MEMORIA PARA O VII CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

ÍNDICE

Introdución.....	2
Obxecto ou temática de investigación propostos.....	5
Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.....	5
Documentación elaborada para profesorado e alumnado.....	5
Relación de tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado..	6
Recursos utilizados e fontes consultadas para a investigación.....	12
Implicación da comunidade educativa.....	12
Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.....	12
Avaliación en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo..	15
Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.....	16



INTRODUCCIÓN

Xustificación

No CEIP Plurilingüe de Outes cremos que ensinar aos nenos e nenas a interpretar a realidade que nos rodea debe ser un dos obxectivos principais da educación. Foi por iso que debido á inédita situación sanitaria na que nos viamos inmersos, durante este curso 20/21 vimos de desenvolver un proxecto de investigación titulado “Mens sana in corpore sano”. O proxecto nace co obxectivo de contribuír ao entendemento das nenas e nenos desta situación pandémica, situación que o noso alumnado comezara a vivir no confinamento e que de maneira irremediable ía condicionar a vida no centro durante todo o curso escolar. Pero tamén coa finalidade de dar resposta a outras cuestións relacionadas coa saúde que nos parecen de vital importancia, e que xurdiron do diagnóstico de distintos indicadores. Por un lado a deficiente educación alimentaria, diagnosticada a través das queixas iniciais de algunhas familias ao incrementarse a porcentaxe de verduras no comedor e basear as merendas de media mañá en froita. Necesidade de tratar certos aspectos nas relacións familiares e familia-escola a nivel emocional. Ademais de un importante abuso das pantallas en xeral e dos videoxogos en particular. Polo que se decidiu configurar un proxecto de centro que abordase todas esas necesidades dende a investigación do alumnado para a posterior difusión entre a comunidade.

Planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación

A posta en práctica dun proxecto está xa de por si relacionada con numerosos elementos prescriptivos do currículo, especialmente relacionados coas áreas das linguas e os primeiros bloques de ciencias sociais e ciencias naturais relacionados coa posta en práctica de procesos de investigación, tratamento da información, todo o que ten que ver coa competencia dixital, etc...

Ademais neste caso, todo o proxecto está directamente vinculado con todos os elementos que teñen que ver co coñecemento do corpo humano, a posta en práctica de hábitos saudables ou a prevención de enfermidades.

Pero podemos dicir que tamén de xeito transversal se vincula con educación para a cidadanía ou o traballo proactivo para o coñecemento e a favor da propia comunidade.



Contribución do proxecto ao desenvolvemento das competencias clave

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Traballo na fase de investigación, recollida de información a través de visionado de documentos, comprensión de textos orais e de informacións audiovisuais para obter información xeral sobre feitos e acontecementos, exposición ante a clase da información recollida nas postas en común, escoita activa aos compañeir@s, exposición do investigado para o vídeo expositivo, alfabetización mediática no estudo das propiedades dos produtos de concienciación: spot e cartel, e de estratexias contra a desinformación no desmentido de bulos no ámbito sanitario.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E C. BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Análise estadístico dos hábitos de saúde do noso centro e exposición de resultados e directrices acordados aos datos analizados, estudo de estadísticas en torno a diversos temas (adicións, estadísticas relacionadas coa pandemia...), porcentaxes no estudo da composición dos alimentos, liña histórica do tempo para a contextualización da pandemia actual, localización de hitos da pandemia de gripe de 1918...

COMPETENCIA DIXITAL

Tanto polo proceso de alfabetización informacional, un dos aspectos máis importantes levados a cabo no proxecto, como polo uso de ferramentas dixitais: buscadores, procesador de texto, editores de presentacións, etc.

APRENDER A APRENDER

Todo o proceso contribúe ao desenvolvemento desta competencia, dende o fomento da autonomía para levar a cabo procedementos que comezan dun xeito máis guiado.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS e SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

Dende a perspectiva do traballo cooperativo, é precisa a achega de tod@s para a consecución do éxito do proxecto, e todo o que iso implica de escoita activa, respecto polo outro, implicación, motivación, autonomía, iniciativa na proposta de liñas de traballo, etc. Ademais as dinámicas de aprendizaxe-servizo, tanto na finalidade do produto de centro, a propia campaña, como coa recollida de fondos solidarios, contribúe a formar cidadáns comprometidos coa mellora da convivencia da contorna.



SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPREENDEDOR

A aprendizaxe ao longo do proceso de investigación e de creación de produtos derivados da mesma, empodera ao alumnado para facerse cada vez máis autónomo no mesmo e incluso para sentirse capaz de afrontar retos similares pola súa conta, animándoos a emprender proxectos por si mesmos.

Calendario para as tarefas previstas

Comezamos cunha planificación inicial, recollida nun [tríptico](#) (premer para ver) inicial que se entregou ás clases, e que se viu despois adaptada na posta en práctica. En canto á temporalización xeral retrasouse un mes a realización de produtos e difusión, e en canto ás dinamizacións previstas, incrementouse algunha que relataremos nas tarefas realizadas.

A previsión era a seguinte:

Novembro (mes da ciencia): presentación do proxecto e comezo da investigación.

De decembro a febreiro incluídos: fase de investigación. Quizáis realización de algún produto relacionado con esta fase (exemplo, entrevista a algun/ha expert@ sobre o tema)

Marzo e abril: planificación, e realización dos produtos. **Maio:** divulgación entre a comunidade educativa e visionado dos produtos nas aulas.

Ademais no [tríptico](#) pode consultarse a previsión de efemérides a celebrar de xeito contextualizado no PDI. Relataremos estas e as que se engadiron no apartado “Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado”

Alumnado e profesorado participante

Participaron no PDI todo o alumnado e profesorado do centro. As liñas de investigación repartíronse entre todos os niveis e ademais, os mestres e mestras das distintas especialidades tamén contribuíron con distintas propostas.

Organización para a súa realización

O proxecto coordinouse dende a biblioteca en liñas xerais. Comezou lanzándose a proposta incluída no tríptico para sentar as bases dunha liña de traballo coherente en todas as aulas. A partir de aí, foi o profesorado de cada liña o que, co soporte e asesoramento da biblioteca, guiou o proceso de investigación e realización dos produtos en cada unha das liñas.

O alumnado tamén tivo oportunidade de colaborar no deseño de traballo das distintas liñas, o alumnado colaborador da biblioteca participou do deseño de algunha das propostas comunitarias, e o alumnado representante de cada aula no Consello Escolar da Infancia foi



o encargado de deseñar e organizar a presentación da campaña de concienciación e contactar coas entidades asistentes.

OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O proxecto foi moi amplo e estivo sempre encamiñado a facer unha campaña de concienciación sociosanitaria. Debido á amplitude do mesmo e tamén por cuestións relacionadas coas posibilidades que nos ofrece a nivel de procesos educativos, dividiuse a temática a abordar en 6 liñas de traballo: saúde física, saúde mental, hábitos saudables, alimentación, estudo da actual situación sanitaria, é dicir, da pandemia da COVID-19, e polo gran paralelismo que tivo con esta, abordamos tamén o enfoque histórico a través da Pandemia de Gripe Española de 1918.

Ademais ao longo do proxecto elaboráronse produtos comunitarios que requiriron da abordaxe de outros aspectos como foron o estudo da vulneración do Dereito á Saúde ou os bulos relacionados co ámbito sanitario, incidindo en estratexias para combatir a desinformación, dentro da Alfabetización Mediática.

BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O deseño inicial da proposta foi a cargo do equipo de biblioteca, aínda que nel se recolleron ideas e propostas de todo o claustro. Nun primeiro momento deseñáronse liñas de investigación dentro da temática proposta, recomendacións de investigación dentro de cada liña, proposta de algunha posible efeméride que por temática ofrecía investigación de interese, unha primeira aproximación aos posibles produtos e o calendario de temporalización do proxecto. Toda esta planificación recolleuse nun [tríptico](#) que se entregou ao profesorado nun primeiro momento e ás aulas na presentación do proxecto.

DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

O mencionado [tríptico](#) no que se recolleu a planificación e unha guía xeral do proxecto, guías individualizadas para cada unha das liñas con propostas de investigación que se poden [consultar aquí](#). Así como unha guía para encamiñar a elaboración de produtos e fase de difusión a [consultar aquí](#). Entrégase anexa unha carpeta con máis documentación.

Ademais, a biblioteca foi a encargada de recoller os produtos das distintas liñas e cohesinalos en presentacións, vídeos, etc... para o seu intercambio coas outras aulas e posterior visionado, tanto do resto do alumnado como da comunidade a través da súa difusión no blogue.

MEMORIA PROXECTO “MENS SANA IN CORPORE SANO”




Cabe sinalar, que o resto de materiais precisos foron elaborados polos docentes que guiaron os procesos de investigación nas aulas co apoio e asesoramento do equipo da biblioteca.

Ademais tamén se levaron a cabo selección e curación de contidos para ilustrar ou servir de exemplo no proceso de creación dos produtos. [Consultar selección aquí](#)

RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

PRESENTACIÓN DO PROXECTO (premer nos símbolos para acceder)



“Mens sana in corpore sano” é un proxecto cun obxectivo moi claro, mellorar os hábitos de saúde das nenas e nenos, e por extensión da comunidade, a través dos seus propios procesos de investigación. Queremos que sexan as nenas e nenos os que cheguen á conclusión de cales deben ser eses hábitos para ter unha vida plena tanto a nivel físico como mental, porque só a través do autoconvencemento poden chegar a implantalos de xeito sostible nas súas vidas.

Para a presentación elaborouse unha presentación motivacional en Genially que pode consultarse no

enlace do título desta sección, e entregouse a cada clase o [tríptico](#) e as guías individuais con propostas de investigación concretas que se poden [consultar aquí](#).

A partir dese momento foron as clases as que comezaron co proceso de investigación, que recibiu apoio e asesoramento da biblioteca en varios momentos, así como a proposta de tarefas comunitarias que foron dinamizando todo o proceso.

INVESTIGACIÓN NAS AULAS E REALIZACIÓN DOS PRODUTOS

Por suposto, ademais do que se mencionará a continuación, cada grupo levou a cabo procesos de investigación, tratamento da información e experiencias diversas, como análises de datos, experimentos, intercambios de información con outras clases, deseño de menús, etc... relacionadas coas súas propias liñas de traballo. Todo este traballo reflexarase nos produtos finais de cada liña.



SAÚDE FÍSICA

Investigación sobre como é o noso corpo, os distintos aparellos que o conforman e a función que realizan. Enfermidades habituais das nenas e nenos e como afectan ao noso corpo e cales son as vías de transmisión destas enfermidades.

Investigación sobre o que hai nunha consulta médica e os distintos utensilios que utiliza o médico para auscultarnos (estetoscopio, depresor, otoscopio...)

Indagación sobre os hábitos de prevención de enfermidades, e que podemos facer para coidar o noso corpo, comezando polo que podemos facer nós e continuando polas recomendacións que nos indican os médicos.

SAÚDE MENTAL



As redes sociais e os videoxogos convertéronse nunha realidade presente no día a día das nosas alumnas e alumnos. Son escenarios que permiten relacionarse con outras persoas que comparten gustos e afeccións similares.

Investigación sobre o papel da muller en ambos ámbitos. Nas redes sociais son as máis activas e expresivas, ao mesmo tempo que son obxecto de comentarios crueis e, en moitos casos, vítimas de cyberbullying. No caso dos videoxogos, están maioritariamente interpretados por protagonistas masculinos. De feito, as mulleres son


representadas pola *Regra das 4 S* (sexualizadas, secundarias, sumisas e salvadas).

Rexeitando este estereotipo, creación das nosas propias protagonistas de videoxogos.

Investigación sobre as claves para detectar unha adicción a ambas canles, contrastando a media de horas por localizacións e comprendendo que, dende a aparición da COVID-19, o seu uso aumentou dunha maneira preocupante.

Indagación acerca dos problemas de saúde mental que conlevan ditas adiccións (FoMO, estrés, depresión, inseguridade, falta de autoestima...) e como interfieren na nosa actividade diaria.

Confección de recomendacións específicas para o uso responsable tanto de videoxogos como de redes sociais;






e debate sobre os profesionais que poden axudarnos (psicólogo, psiquiatra, grupos de axuda...). Investigación sobre como era antigamente este campo humanístico e como se concibía ás persoas que padecían enfermidades ou trastornos mentais.

Para concluír toda esta investigación, reflexión sobre os aspectos positivos dos videoxogos e das redes sociais.

HÁBITOS SAUDABLES

Identificación, investigación e búsqueda de información en relación a diferentes hábitos como a alimentación, a actividade física, a hixiene persoal, a postura corporal, o tempo de ocio e descanso, o uso de pantallas e o consumo de alcohol e tabaco.

Indagación sobre mitos en relación a alimentación e a realización de actividade física.



Realización dunha enquisa sobre os hábitos de vida saudable, que se pasou ás diferentes clases do cole e á que contestaron 167 compañeiros de todos os niveis. Cos datos das respostas recollidas en gráficos de barras e de sectores, análise da información e conclusións sobre os hábitos de vida saudable dos nenos e nenas do CEIP Plurilingüe de Outes. Contacto cos grupos de 5º para asesoramento sobre liñas de actuación en torno ao uso de pantallas.

Busqueda de información sobre hábitos pouco saudables como son o consumo de alcohol e o tabaco e a cantidade de enfermidades que poden provocar.

ALIMENTACIÓN

Investigación sobre a diferenza entre alimentos saudables e non saudables. Esta liña deriva na investigación sobre alimentos procesados facendo fincapé nos aditivos como os conservantes, colorantes, aromatizantes...

Investigación sobre o sal, aceite e azucre, que constitúen as 3 principais ameazas actuais da nosa dieta alimentaria. Análise das cantidades recomendadas pola OMS, e búsqueda de alternativas para suplir estes ingredientes, buscando alimentos máis naturais que proveñan de plantas, como o aceite de oliva, o mel, os dátiles...

Un dos produtos finais, ademais dos observados na exposición e o vídeo resultado das nosas investigacións, foi a proposta de elaboración dun bocata saudable e un menú para o



comedor escolar, para o que tivemos unha entrevista con Alex (conserxe e encargado de comedor) e Loli (cociñeira).

ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA. PANDEMIA DA COVID-19

Investigación sobre a orixe da COVID-19. A suposición máis fiable indícanos que este virus é de orixe zoonótico, é dicir, que dun animal pasou a outro e deste animal intermedio aos seres humanos.

Investigación sobre os síntomas máis habituais así como as medidas de prevención a ter en conta para evitar a transmisión deste virus.

Búsqueda de información sobre as liñas investigación sobre o ARN, liderados por científicas coma Katalin Karikó, grazas aos cales contamos con diferentes vacinas coas que se pretende lograr a tan ansiada inmunidade de grupo.

ENFOQUE HISTÓRICO. PANDEMIA DE GRIPE ESPAÑOLA DE 1918

Estudo do enfoque histórico, da Pandemia de Gripe Española de 1918, e comprobación do gran paralelismo existente entre a situación actual e a de principios do século XX. Investigación de síntomas e medidas de prevención para parar a propagación do virus. Estudo de consecuencias da coincidencia da pandemia coa I Guerra Mundial, entre os que se encontra o acceso das mulleres ao mundo laboral.

A historia da pandemia de 1918 foi tremenda, aínda que finalmente, para concluír o proxecto, a mensaxe que se quixo transmitir foi o optimismo cara unha pronta recuperación da normalidade.



CONTRIBUCIÓN DENDE AS ESPECIALIDADES

Abordaxe de contidos relacionados co esquema corporal e os hábitos saudables dende a área de Ed. Física, dende a que tamén se organizaron distintas andainas polo Concello, a actividade da Milla Semanal e a dinamización dun dos patios polos que se rotaba nos recreos ou a organización, xunto co Concello dunhas xornadas de toma de contacto con actividades marítimas.

Traballo de vocabulario relacionado co esquema corporal, hábitos saudables e outros contidos relacionados na área de Lingua Estranxeira.



OUTRAS TAREFAS LEVADAS A CABO

● 20 DE NOVIEMBRO. DÍA DOS DEREITOS D@S NEN@S

Levamos a cabo un debate sobre cada un dos dereitos nas aulas a partir de distintas lecturas, para compartir despois unha disertación sobre o dereito abordado co resto d@s compañeir@s do centro #

● DESEÑO DE CALENDARIOS ACORDES COA TEMÁTICA DO PDI

● RECOLLIDA DE COÑECEMENTOS PREVIOS DAS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

● DÍA DA PAZ. REFLEXIÓNS SOBRE O DEREITO Á SAÚDE E A SÚA VULNERACIÓN

Queremos destacar ademais, dende o enfoque da análise de desigualdades, o traballo polo día da Paz dentro do PDI que consistiu no estudo da Vulneración do Dereito á Saúde a través da prensa e que derivou da posta en contacto coa ONG Médicos de Mundo. #

● DÍA DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

Investigamos o papel da muller nas distintas liñas de investigación, poñendo en valor biografías pasadas e actuais de mulleres que tiveron un papel protagonista pola súa labor, pero que en moitas ocasións foi silenciado polo simple feito de ser mulleres. Coa investigación elaboramos unha exposición homenaxe na que se recolleu ese traballo. Máis en #.



● 8 de MARZO. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

A proposta do equipo de convivencia elaboramos unha entrevista para Sonia Villapol, científica galega do ámbito da bioloxía molecular, que hoxe en día forma parte da Sociedade Americana de Neurociencias e do equipo de investigación internacional sobre a COVID-19. Para iso visionamos previamente unha presentación elaborada pola mesma equipa sobre o papel da muller na literatura, a ciencia e o deporte. Presentación: #

Entrevista a Sonia Villapol, científica galega membro do grupo de investigación internacional sobre a COVID-19: #



Ademais varios grupos analizaron distintos aspectos relacionados coa muller e o seu ámbito de estudo:

Dende a liña de investigación da gripe española, analizaron a incorporación da muller ao traballo debida á coincidencia da I Guerra Mundial coa pandemia de 1918 e a derivada ausencia dos homes, ben porque se atopaban no fronte, ou porque caían enfermos xa que os campamentos militares eran grandes focos de contaxio. Vídeo

Dende a liña da saúde mental e os videoxogos, analizaron a representación da muller nos videoxogos, descubriron a regra das 4S (secundarias, salvadas, sumisas e sexualizadas) e remataron creando e describindo ás súas propias heroínas

Tamén dende a liña de saúde mental elaboraron un vídeo reflexionando sobre os estereotipos asociados ao mercado laboral

● SEMANA DA PRENSA. STOP BULOS SAÚDE

Alfabetización Mediática. Recollida de bulos nas distintas liñas de traballo e investigación sobre a verdade que se atopa detrás. Un interesante traballo no que ademais de aprender moitísimo sobre a saúde e combatir mentiras moi extendidas e instauradas neste ámbito, aprendemos a combatir a desinformación. Enlace á presentación:

● 7 DE ABRIL. DÍA DA SAÚDE. ESTUDO DE HÁBITOS E CHARLA DE MÉDICOS DO MUNDO

O alumnado de 3º, encargado da liña de hábitos saudables, elabora unha enquisa sobre os mesmos que se pasa a todo o centro para avaliar os nosos puntos fortes e aqueles de debemos mellorar. Resultado e análise dos mesmos:

Ademais, a partir deses resultados e enlazando co traballo realizado no día da Paz, recibimos unha charla de Médicos do Mundo na que nos presentou a asociación e as liñas que seguen para garantir o dereito á saúde para todas as persoas, e nos falou dos determinantes de saúde e os hábitos que debemos seguir para mantela

● 20 DE ABRIL. DÍA DA ÁRBORE

Tras facer plantación de froitais, as nenas e nenos de 6º Ed. Infantil, encargados da liñas de investigación sobre alimentación, levaron a cabo unha investigación sobre os distintas árbores, o seu froito e as propiedades alimenticias dos mesmos.

En apartado “Difusión dos traballos entre a comunidade educativa” relación de produtos e fase de difusión a través da campaña “CÓIDATE, CÓIDANOS”.

RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Foron múltiples as fontes consultadas. Fondos bibliográficos da biblioteca, páxinas web do Ministerio de Sanidade español e da OMS, así como doutras organizacións ou estamentos, como Médicos do Mundo ou Médicos sen fronteiras. Páxinas de medios de comunicación, en especial de xornais. E multitude de enlaces, dos que sacamos informacións diversas que se contrastaron, especialmente cando as fontes non eran demasiado recoñecidas.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Este ano a implicación das familias viuse moi limitada debido á actual situación sanitaria. Aínda así aportaron información e axudaron ao alumnado nas investigacións que levaron a cabo nas súas casas, así como co uso da aula virtual.

Ademais foron receptoras directas da campaña de concienciación e colaboraron coa súa difusión a través das redes, subido imaxes dos carteis colocados polo concello e da súa visita á exposición baixo o hashtag #coidatecoidanos.

Ademais tivemos a colaboración do concello coa posta a disposición da Casa da Cultura para a exposición da campaña, do auditorio da mesma para o acto de presentación da campaña de concienciación, e tamén foron os encargados de facer a pegada de carteis en máis de 100 establecementos de todo o concello.

DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA



Como produto final do proxecto, e a modo de difusión do traballo realizado, deseñouse a

CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN SANITARIA “CÓIDATE, CÓIDANOS. A SAÚDE UNHA GRAN RESPONSABILIDADE”

Unha campaña que tiña como obxectivo o de concienciar á comunidade da importancia de adoptar hábitos saudables.



● DIFUSIÓN NO BLOGUE DA BIBLIOTECA E EN REDES SOCIAIS

Todo o traballo realizado no marco do PDI foi recollido no blogue da biblioteca baixo a etiqueta #pdimenssanaincorporesano: [ENLACE](#) Ademais tamén se recolleu na conta de Instagram da biblioteca [biblio_ceip_outes](#) ou das distintas aulas baixo a mesma etiqueta. Por outra banda, á campaña deuselle difusión tamén na conta de Twitter [biblioceipoutes](#).

● PRODUCTOS DAS AULAS PARA A CAMPAÑA

Debido á imposibilidade de facer presentacións presenciais entre aulas, convídase a cada grupo a facer un **vídeo expositivo** coa finalidade de comunicar os resultados do seu proceso de investigación a compañeir@s do centro e ao resto da comunidade escolar.

Ademais, propónse que cada liña de investigación xere dous produtos de difusión para a campaña: un **cartaz/infografía** e un **spot de concienciación**.

Convídase tamén a que lancen distintos lemas para seleccionar dos mesmos o lema final da campaña. De feito con CÓIDATE, COIDANOS (lema seleccionado entre os propostos por 5ºA Ed. Infantil) e A SAÚDE CONLEVA UNHA GRAN RESPONSABILIDADE (lema seleccionado entre os propostos por 6ºA e 6ºB Ed. Primaria), temos o lema final da campaña.

E por último, compártese unha táboa colaborativa en Drive na que engadir institucións que poidan estar interesadas e ser receptoras e difusoras da nosa campaña.

● SEMANA DA SAÚDE

Do 7 ao 11 de xuño, visionáronse nas aulas todos os produtos das distintas liñas. Cada día foi o turno de unha das liñas. Presentáronse os cartaces nun panel na entrada do centro e despois, previa publicación no blog da biblio, cada aula visionou os vídeos de concienciación e os spots e debatiu sobre os visionados da liña adxudicada a cada día.



● CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN SANITARIA E SOLIDARIA e EXPOSICIÓN con RECOLLIDA DE FONDOS SOLIDARIOS A FAVOR DE MÉDICOS DO MUNDO

Do 7 de xuño en diante comezou unha campaña de concienciación sanitaria, produto do noso traballo, a través das redes propias e as do Concello. Ademais a partir do día 11, o Concello que colabora con nós neste proxecto fixo unha pegada dos cartaces en máis de 100 establecementos. Dicar que se levou un set cos 7 cartaces de todas as liñas a certos lugares de especial interés: centro de saúde, IES, etc... Eses cartaces levaban ademais un código QR con acceso a todo o traballo feito ao longo do proxecto.

MEMORIA PROXECTO “MENS SANA IN CORPORE SANO”



A campaña de concienciación levou asociada unha campaña solidaria de recollida de fondos para a compra de medicamentos para persoas en risco de exclusión social a favor de Médicos do Mundo.



O CEIP Plurilingüe de Outes ten o pracer de convidarvos á exposición da campaña

CÓIDATE, CÓIDANOS!

A SAÚDE, UNHA GRAN RESPONSABILIDADE

Na exposición poderedes ver produtos derivados do PDI “MENS SANA IN CORPORE SANO” levado a cabo no centro ao longo do curso 2020-2021 e os elaborados para a propia campaña de concienciación sanitaria #CÓIDATE, COIDANOS

Ademais tamén poderedes colaborar coa campaña de recollida de fondos para compra de medicamentos para persoas en risco de exclusión a favor de Médicos do Mundo, entidade coa que colaboramos.

CASA DA CULTURA DA SERRA DE OUTES
Do 12 ao 30 de xuño
En horario de 10-13 e 17 a 20
(sábados de 11 a 13)

Organizado por:



Colaboran:



Tamén se montou unha exposición na Casa da Cultura do 12 ao 30 de xuño, con produtos da campaña, do proxecto e o punto solidario de recollida dos fondos, para que o alumnado puidese desfrutar coas súas familias do traballo realizado.



● PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA



MEMORIA PROXECTO “MENS SANA IN CORPORE SANO”



Ademais a campaña e a súa exposición, así como o fin solidario, foi presentada na Casa da Cultura de Outes, o día 14 de xuño, a cargo do alumnado representante do Consello Escolar da Infancia do cole, dos que @s maior@s se fixeron cargo da preparación de dita presentación. Este alumnado foi ademais o encargado de preparar o acto e de contactar coas entidades susceptibles de ser invitadas despois dunha análise da pertinencia da súa asistencia.

A este acto acudiron á Xefa Territorial de Sanidade da Coruña, Concello de Outes, Anpa Rio Tines, Asociación Terras de Outes, IES Poeta Añón, Cruz Vermella de Noia. Ademais, da Presidenta e Coordinadora de Médicos do Mundo, participantes desta campaña. Estas organizacións foron seleccionadas polo alumnado por estar relacionadas co ámbito da saúde ou ser receptoras directas da campaña.



● WEB DA CAMPAÑA

Nesta presentación tamén se deu a coñecer a web que recolle todos os produtos da campaña de concienciación coidatecoidanosoutes.blogspot.com

● A CAMPAÑA NOS MEDIOS

A campaña tivo difusión en distintos medios. Xornais como El correo gallego, A voz de Galicia ou Diario Nós cubreu a campaña en distintos momentos.

Ademais fixeron tamén unha pequena reportaxe da mesma nos informativos territoriais de Rtvé.

Neste [enlace](#) pode verse o dossier de prensa.





AVALIACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO.

O proxecto contribuíu de xeito moi extenso ao traballo de aspectos diversos do currículo, poderíamos dicir incluso que se traballaron moitos aspectos que supuxeron en realidade unha gran extensión do mesmo, facendoo ademais de xeito interdisciplinar, contextualizado e moi significativo.

Por suposto, e tal e como se comentou no apartado pertinente tamén contribuíu ao desenvolvemento das competencias clave de xeito xenuíno.

Podemos dicir que a avaliación do proxecto foi moi positiva, tanto polas aprendizaxes acadadas, como polo empoderamento e a mellora da autoestima do alumnado e a repercusión positivísima que tivo entre a comunidade. Factor de gran relevancia no noso centro, onde un obxectivo xeral clave é o de achegar ás familias á labor que se leva a cabo no centro e que neste curso en concreto, e debido á actual situación sanitaria, supoñía un gran reto.

Foi ademais grata sorpresa recibir unha [carta cos parabéns](#) do Conselleiro de Sanidade.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

Como vimos mencionando ao longo de toda a memoria, dende a biblioteca planificouse e coordinouse todo o proxecto, xerando documentación variada con este fin. Ademais levouse a cabo unha ampla labor de asesoramento ao longo de todo o proceso, chegando incluso a proporcionar unha formación en proxectos para todo o profesorado do centro.

Foi a encargada de cohesinar os produtos das aulas en produtos comunitarios como presentacións e vídeos. Tamén se deseñou a imaxe da campaña dende a biblioteca. Entre outras labores xerouse un clip final da campaña e un banner que se pasou a todas as aulas coa finalidade de dotar de coherencia, a nivel de imaxe, a todos os produtos, poñendoos ao final dos vídeos expositivos, os spots e os carteis, e contribuíndo a que todos os produtos configurasen unha campaña de saúde cunha identidade homoxénea.

Por suposto a biblioteca foi tamén fonte de recursos para o proxecto, tanto bibliográficos como dixitais, a través da curación de contidos.